

## RESEÑA DE LIBROS

Carlos BERZOSA (coord.) et al., *La economía mundial en los 90: tendencias y desafíos*, Colecc. Economía Crítica. Barcelona, Icaria/Fuhem. 1994.

Este libro xurde dunha reflexión colectiva e integrada sobre o proceso de transformación da economía mundial, produto de dous seminarios levados a cabo na Universidade Complutense de Madrid durante 1993. Non se trata dunha simple acumulación de ensaios, senón dunha compilación de artigos vertebrándose con liñas básicas de coherencia interna.

En primeiro lugar, analízanse as grandes tendencias globais e as forzas consideradas motrices dos cambios que se alborean no mundo contemporáneo. Corresponde esta análise ós artigos de C.Berzosa, J.M. Vidal Villa e A. Martínez González-Tablas. Como segundo bloque trátase a orde financeira (V.Fitzgerald), a Comercial (G. Malgesini), as cuestións ecolóxicas (J. Martínez Alier), e a cooperación internacional (J.A. Nieto Solís e C. Camino).

Por último e como terceiro bloque abórdase o estudio das diferentes áreas económicas mundiais. Por unha banda, os tres polos do mundo desenvolvido: a Comunidade Europea, EE.UU. e Xapón (incluíndo ós dragóns asiáticos). Os autores responsables de analiza-las zonas desenvolvidas son S. Holland, para a Comunidade Europea e o seu proceso de integración; M. Román, para a crise e o cambio estrutural da economía estadounidense; e P. Bustelo, para os casos de Xapón e os "dragóns" asiáticos. Por outra banda, estúdanse as reformas e perspectivas da economía chinesa (P. Bustelo e A. Martínez González-Tablas), así como a situación dos países menos desenvolvidos, centrándose en América Latina (J. Deniz) e África (M. Barrat Brown). O libro remata coa difícil transición que atravesan as economías do Leste (L. Andor).

Polo rigor analítico, as interpretacións críticas e a amplitude temática, este libro convirtese nun material imprescindible para comprender a estrutura, lóxica de funcionamento, restriccións, contradición e tendencias da economía mundial actual.

*Xulio Ríos Paredes*

Carmen BARREIRO, Luz BARREIRO e Margarita CASAL, *Documentos Base da Contabilidade*, Unipro, Vigo, 1994.



Unha selección dos documentos e formularios máis importantes dunha empresa e por outra parte a importancia de ser presentados en Galego.

Nace como resposta a esas necesidades latentes que a Contabilidade tiña como Sistema de Información. Por un lado tenta encher esa lagoa que existe entre a docencia e a realidade contable, aportando para isto a Documentación que en verdade da vida a eses apuntes contables. Por outra banda fai esta aportación en lingua Galega, conseguindo eliminar dúbidas de se na Xestión Burocrática existen límites ou trabas con respecto á utilización da nosa lingua de expresión, servindo ó mesmo tempo de empuxón a esa Administración que fai polo Galego moito de palabra e moi pouco de obra.

Aporta un material imprescindible na docencia, así como por ser un libro que foi concebido baixo unha estrutura lóxica baseada no ciclo normal da vida dunha empresa.

*Maximina Pereira Rodríguez*

# COOPERATIVA DE EDITORES GALEGOS, S. COOP.



---

*A COOPERATIVA DE  
EDITORES GALEGOS ten  
a vocación de orienta-lo  
lecer dos seus socios  
cara actividades  
espiritualmente  
productivas, axudalos en  
medios, relacións e  
proxecións.*

---



R/. Oporto, 13 - Of. 3 - 36201 VIGO • Teléf. (986) 43 04 04 - Fax. (986) 22 88 22

Os subscritores son o vizo  
 dunha publicación  
 periódica,  
 dunha conversación  
 colectiva  
 sobre o noso ser.



## BOLETÍN DE SUBSCRIBIÓN Á REVISTA COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Para enviar a:  
 EDITORIAL GALAXIA, S.A.  
 Reconquista, 1  
 36201 VIGO (Pontevedra)

Desexo que me envíen a revista Cooperativismo e Economía Social a partir do nº ..... e ata novo aviso

Nome comercial .....

Razón social .....

N.I.F.: ..... Recargo de equivalencia: SI NON (tache o que non proceda)

Profesión ..... Enderezo .....

Poboación ..... Código Postal ..... Provincia .....

Teléfono ..... Data .....

TARIFA 1992	SUBSCRIBIÓN ANUAL (2 números)	Nº SOLTO
* España	1.000 pts.	500 pts. + 200 pts. gastos envío
* Estranxeiro	1.200 pts.	500 pts. + 200 pts. gastos envío

### FORMA DE PAGO

Debido ó reducido prezo da subscrición as únicas formas posibles de pago son:

- Transferencia bancaria á conta 1368/9 da CAIXAVIGO, O.P. - García Barbón, 1, 36201 Vigo
- Contrarreembolso
- Xiro postal